

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005002	IES Ramón Otero Pedrayo	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	27
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	28
6. Medidas de atención á diversidade	29
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	32

1. Introducción

O ensino da música precisa potencia-la capacidade dos alumnos para escoitar, recoñecer e rete-las relacións que configuran as estruturas musicais. Polo tanto é absolutamente necesaria a participación do alumnado ó que se debe motivar con estímulos que a faciliten. Para favorecer esta participación faise necesario manter na aula un clima de silencio e de respecto.

Inseparablemente unidas a esas capacidades perceptivas, atópanse a capacidade de índole expresiva que a educación musical debe promover, máxime tendo en conta a postura activa dos adolescentes cara á música. Estas capacidades perfeccionaranse mediante o cultivo das destrezas instrumentais e especialmente vocais que permiten adquirir hábitos saudables de respiración e emisión da voz e desenvolver as habilidades de lectura musical e execución musical.

Os contidos da asignatura de Música no ensino secundario obrigatorio teñen como obxecto guiar e afianzar os coñecementos musicais e a actitude ante a música que o alumnado alcanzou na educación primaria situándoos nun marco de competencias que lle posibilite gozar da creación e da escoita musical; así mesmo, ten o obxecto de establecer puntos de contacto entre a música de carácter masivo e a gran tradición musical, xa que é un medio habitual de diversión e entretemento entre os mozos e mozas; por isto cómpre afondar nesta etapa nas raíces culturais da música galega e a europea, recoñecéndoa como parte fundamental do noso patrimonio cultural, xa que, soamente a través do coñecemento profundo da nosa realidade cultural será posible desenvolver un achegamento ás culturas musicais de outros pobos.

O alumnado que inicia esta etapa vén de coñecer na educación primaria os fundamentos musicais máis xerais, polo que na nova etapa da súa formación está en condicións de afondar neles a través dunha metodoloxía analítica e propedéutica, que incida nos aspectos vertebradores da materia na educación secundaria obrigatoria e que son: a interpretación e a creación, a escoita, os contextos musicais e culturais e a relación da música coas novas tecnoloxías.

O actual regulamento aborda nun mesmo grupo os contidos, obxectivos e criterios de avaliación dos cursos segundo e terceiro, deixando ao criterios dos docentes a secuenciación deles. Este regulamento advirte ademais que da organización dos contidos en bloques non se deriva unha priorización na súa secuencia.

Polo tanto a secuenciación que aquí se plantexa ten en conta ademais dos procedementos que a actual lexislación contempla, a realidade do entorno escolar. O IES Otero Pedrayo está situado na cidade de A Coruña, máis concretamente no Barrio de Monelos.

Esta zona da cidade de A Coruña atópase moi ben comunicada, tendo todo tipo de servizos. Na actualidade trátase dunha área moi desenvolvida, xa que está ao carón da Xunta de Galicia, do Centro Cívico de Monelos, A Biblioteca Pública e o CEP María Pita. Por tratarse dun núcleo urbano importante ten unha gran diversidade de alumnado. Aínda que a cidade conta con Conservatorio Profesional e Superior de Música e Escola Municipal, non se observa moito alumnado que asista a clases de Música extraescolares.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Silencio!	<p>Unidade introductoria aos elementos que conforman a existencia da música: o son, o ruído e o silencio. Tamén aos contidos relacionados coa súa práctica: escoita activa e, posterior análise reflexiva dos parámetros que conforman a música e da súa práctica interpretativa.</p> <p>Nesta unidade, e desde unha perspectiva sensible e crítica, o alumnado reflexionará sobre a importancia do silencio, as causas da contaminación sonora e o uso indiscriminado da música. Así mesmo, retomarará o contacto coa linguaxe musical, coa lectura e a interpretación instrumental ou vocal.</p> <p>Ademais, servirá de avaliación inicial dos coñecementos acadados polo alumnado nos cursos anteriores</p>	5	4	X		
2	A música nos medios e producións audiovisuais	<p>Nesta unidade coñeceremos a presenza, funcións e importancia da música nos diferentes medios audiovisuais e tecnolóxicos: cinema, radio, televisión, publicidade, vídeo xogos, videoclips, etc.</p> <p>Ademais, e desde unha perspectiva</p>	10	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	A música nos medios e producións audiovisuais	<p>histórica, faremos un percorrido xeral pola historia da música no cine, e achegarémonos ás orixes da evolución, ata actualidade, dos máis importantes sistemas de gravación e reprodución de son e imaxes, e das ferramentas dixitais actuais para a recepción, gravación e edición musical.</p> <p>Así mesmo, coñeceremos o papel que desempeñaron e desempeñan estes medios, a industria discográfica e a internet na difusión da música.</p> <p>Isto farémolo a través do visionado, da escoita activa e da análise crítica de diferentes manifestacións musicais nos diversos medios. Tamén, a través da interpretación e da creación de proxectos audiovisuais onde a música sexa a protagonista.</p>	10	9		X	
3	O Jazz. Orixes e evolución	<p>Nesta unidade coñeceremos as orixes do Jazz, as súas características e a súa evolución e influencia nos estilos que deron lugar á música popular. E farémolo a partir dun coñecemento básico e xeral das súas especificidades, dunha selección de artistas, compositoras e compositores, e intérpretes máis emblemáticos de EE UU, Europa, España e Galicia; da escoita activa e da análise crítica e reflexiva de audicións representativas dos diferentes estilos, da linguaxe musical, da lectura rítmica e melódica de partituras e da interpretación e improvisación vocal e instrumental.</p>	10	9	X		
4	A música popular urbana	<p>Nesta unidade achegarémonos á música popular urbana desde a súa orixe ata a actualidade por medio dun coñecemento práctico tanto dos principais estilos e das súas características definitorias como dunha selección entre os diferentes grupos, compositoras e compositores, e intérpretes máis emblemáticos de EE UU, Europa, España e Galicia.</p> <p>A través da interpretación vocal, instrumental e coreográfica, da composición musical e coreográfica, da escoita activa e do visionado, da análise reflexiva e crítica de audicións ilustrativas e das súas linguaxes (estética, xestual e textual); e na linguaxe musical, a rítmica, a melódica, a harmónica e a organolóxica.</p>	10	9	X		
5	As músicas do mundo	<p>A música é inherente ao ser humano. En todas as culturas do mundo, a música forma parte da vida das persoas; é un reflexo da súas tradicións, dos seus</p>	10	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	As músicas do mundo	costumes, da súa propia idiosincrasia. Nesta unidade coñeceremos as tradicións, os instrumentos e as linguaxes musicais das culturas máis emblemáticas. A través do coñecemento das características definitorias de cada cultura, e con apoio do visionado, da escoita activa, da análise crítica, da improvisación e interpretación musical e dancística, coñeceremos máis o noso mundo. Ademais, tomaremos conciencia de que as diferenzas culturais son unha riqueza, e de que o que en aparencia parece separarnos, en realidade forma parte da nosa esencia.	10	9		X	
6	A música e a danza en España	Nesta unidade aprenderemos a grande diversidade e riqueza das manifestacións musicais e dancísticas da música tradicional española. A partir dun coñecemento básico dos períodos, das características principais, dos xéneros e estilos, das voces, dos instrumentos e agrupacións, das compositoras e compositores, achegarémonos ás mostras máis emblemáticas do acervo musical e dancístico do noso país. A través do visionado, da audición activa, da análise de audicións e partituras, da interpretación musical ou dancística coñeceremos as formas, as harmonías, as texturas e os elementos da linguaxe musical máis presentes na música española.	10	9		X	
7	A música e a danza en Galicia	Nesta unidade aprenderemos a diversidade e riqueza das manifestacións musicais e dancísticas da música culta, popular e tradicional galega. A partir dun coñecemento básico dos períodos, das características principais, dos xéneros e estilos, das voces, dos instrumentos e agrupacións, das compositoras e compositores, achegarémonos ás mostras máis emblemáticas do noso acervo musical e dancístico. A través do visionado, da audición activa, da análise de audicións e partituras, da interpretación musical e dancística, coñeceremos as formas, as harmonías, as texturas e os elementos da linguaxe musical máis presentes na música galega.	10	9			X
8	As mulleres na Música, os homes na Danza	Con esta unidade, no inicio do curso, preténdese desmitificar os roles de xénero e romper os estereotipos tan ligados á música e á danza, e que, a día de hoxe, aínda están sumamente arraigados na sociedade. A través dunha viaxe pola historia da música ata a actualidade,	10	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	As mulleres na Música, os homes na Danza	saberemos da existencia de grandes compositoras e intérpretes mulleres que quedaron no esquecemento, de como o ballet nace sendo masculino, entroques hoxe en día as academias de ballet adoecen da falta de alumnos varóns, a pesar de que ao longo da historia son os que recibiron o recoñecemento como coreógrafos. Así mesmo, reflexionaremos sobre a situación actual das mulleres na música e dos homes na danza. Isto farémolo a través da investigación, do visionado, da escoita activa, da análise crítica e da interpretación musical e dancística.	10	9	X		
9	A música nas artes escénicas	Nesta unidade estudaremos as artes escénicas nas que está presente a música: a danza contemporánea, o ballet, a ópera e as súas variantes, o musical etc. A través dun coñecemento básico das súas especificidades, do visionado de exemplos ilustrativos, da interpretación vocal, instrumental, coreográfica e dancística, aprenderemos a importancia, presenza e función que desempeña a música en todas elas. Así mesmo, coa planificación, realización, participación, actuación e gravación de propostas musico-escénicas e coreográfico-dancísticas o alumnado adquirirá significativamente os contidos e tomará plena conciencia da importancia da música nestas artes.	10	9			X
10	Todos a escena!	Esta unidade é transversal para todo o curso. O alumnado irá facendo ao longo do ano un repertorio de pezas extraído das diferentes unidades didácticas nas que a interpretación instrumental, vocal ou dancística estea presente. Este repertorio será interpretado en público cara o final do curso ou en diferentes momentos segundo as circunstancias ou evolución do alumnado. Os concertos ou as postas en escena serán produto do traballo colaborativo (formación orquestral, coral ou grupal no que aos contidos de danza se refire). A posibilidade da gravación e posterior edición de cada posta en escena servirá de peche do proceso creativo e contribuirá ao desenvolvemento persoal do alumnado.	10	20	X	X	X
11	A linguaxe da música	Esta unidade é transversal para todo o curso, xa que está implícita na maioría das unidades didácticas. Abrangue os contidos do coñecemento práctico da linguaxe da música, da harmonía, da forma e da	5	9	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	A linguaxe da música	textura. A partir da análise, lectura e interpretación de partituras o alumnado aprenderá os contidos rítmicos, melódicos, harmónicos, etc., que lle permitirán crear, interpretar, entender e coñecer dende unha perspectiva máis técnica as diferentes manifestacións musicais.	5	9	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Silencio!	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita.	Distinguir os efectos que o uso indiscriminado da música e da contaminación sonora provoca na saúde das persoas a partir da análise de contextos nos que se reflicte a súa incidencia	PE	60
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler células rítmicas básicas (negras, corcheas, semicorcheas) co sentido do pulso en clave de sol (Do4-Do5) Analizar e describir os elementos básicos dunha partitura: ritmo, melodía, símbolos musicais	TI	40
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Empregar as técnicas básicas da interpretación individual e grupal, instrumental (placas, frauta ou outros) e vocal (afinación) co uso da memoria rítmica e melódica, e a lectura de partituras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.

Contidos
- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.

UD	Título da UD	Duración
2	A música nos medios e producións audiovisuais	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar e identificar a partir da escoita e visionado as características máis definitorias de exemplos musicais da historia da música no cine e nos medios audiovisuais, encadrándoos no contexto.	PE	60
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, visionado e análise, valorando a través da identificación das súas especificidades as producións audiovisuais propias ou alleas.		
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer a importancia e función da música, desde unha perspectiva histórica, nos diferentes medios audiovisuais e tecnolóxicos: cinema, radio, televisión, etc., así como na actualidade.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	Realizar con creatividade unha proposta audiovisual usando as ferramentas tecnolóxicas e dixitais axeitadas e as interpretacións ou elementos interpretativos musicais e dancísticos, propios ou alleos.	TI	40
CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar na realización dunha proposta audiovisual artístico-musical colaborativa, respectando as achegas e as producións dos compañeiros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía,

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - iluminación, útiles, caracterización e vestiario. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais. - Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas. - O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.

UD	Título da UD	Duración
3	O Jazz. Orixes e evolución	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar obras ou fragmentos da música Jazz, traballados na unidade, identificando as características básicas e os rasgos estilísticos que os definen.	PE	60
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer os elementos da linguaxe musical que caracterizan o Jazz, impartidos na unidade, a través da análise de partituras e das ferramentas dixitais aplicadas á escoita e á investigación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer a orixe e evolución do Jazz nos diferentes estilos, as súas características máis representativas e as compositoras, compositores e intérpretes destacados de EE UU, Europa, España e Galicia.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, visionado, análise e improvisación, valorando o patrimonio cultural da música Jazz través da identificación das súas especificidades.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Interpretar con corrección e expresividade en formación orquestral ou vocal unha peza de Jazz. Improvisar individualmente sobre un estándar de jazz seguindo as pautas dadas.	TI	40
CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	Interpretar coreograficamente unha peza estruturada, empregando elementos improvisados pautados ou libres traballados na unidade.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras ou fragmentos de melodías de jazz traballados na aula, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos e formais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agóxica e dinámica.

Contidos

- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.
- Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística.
- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.
- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- Blues, ragtime e jazz: inicios destes estilos, evolución e fusión. O jazz nos Estados Unidos, en Europa, en España e en Galicia.

UD	Título da UD	Duración
4	A música popular urbana	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a partir da escoita ou visionado as características traballadas na unidade (musicais estilísticas, técnicas e estéticas dos xéneros máis emblemáticos), encadrándoos no contexto.	PE	60
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer os elementos básicos da linguaxe musical que caracterizan a música popular, impartidos na unidade.		
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer a música popular e os seus diferentes estilos/xéneros, as súas características máis representativas e os/as compositores/as e intérpretes máis salientables de EE UU, Europa, España e Galicia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alieo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado valorando o patrimonio cultural da música popular a través da identificación das súas especificidades.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Interpretar en grupo con corrección e expresividade en formación orquestral ou vocal unha peza de música popular.	TI	40
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler as partituras ou os fragmentos de cancións da música popular, que fosen traballados na unidade, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos, e formáis.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretar instrumental, vocal ou corporalmente e de memoria unha canción empregando as técnicas adecuadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena. - Músicas populares, urbanas e contemporáneas. Orixe, antecedentes, evolución.

UD	Título da UD	Duración
5	As músicas do mundo	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a través da escoita ou visionado obras ou fragmentos da música das culturas máis emblemáticas, identificando as súas características básicas, instrumentos e rasgos estilísticos que os definen	PE	60
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer a través da investigación, da análise de partituras e da escoita ou visionado, os elementos da linguaxe musical e dancística que caracterizan a música das diferentes culturas.		
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Coñecer as características definitorias, dadas na unidade, en relación á linguaxe da música e da danza nas principais culturas do mundo, identificando os instrumentos e os trazos estilísticos.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado valorando o patrimonio cultural través da identificación das súas especificidades.	TI	40
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Interpretar instrumental ou vocalmente pezas doutras culturas e improvisar con escalas pentatónicas, a partir dunhas pautas dadas na aula, aplicando tamén ferramentas tecnolóxicas na gravación final.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	Interpretar coreográficamente unha peza estruturada empregando elementos improvisados, pautados ou libres, impartidos na unidade.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras ou fragmentos de melodías doutras culturas que fosen traballados na unidade, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos e formais.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretar instrumental, vocal ou corporalmente e de memoria unha peza musical representativa doutras culturas, aplicando as técnicas adecuadas aprendidas na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena. - Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: funcións, pervivencia e influencias noutros estilos musicais.

UD	Título da UD	Duración
6	A música e a danza en España	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a través da escoita ou visionado as obras ou fragmentos impartidos nesta unidade, identificando as súas características básicas, instrumentos e rasgos estilísticos.	PE	60
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Coñecer as características, instrumentos e trazos estilísticos máis definitorias en relación á historia e á linguaxe musical e dancística, evidenciando respecto, tolerancia e interese.		
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer a través da investigación, da análise de partituras, da lectura musical e da escoita ou visionado, os elementos básicos da linguaxe musical e dancística das mostras impartidas na unidade.	TI	40
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado, valorando o patrimonio cultural das músicas do mundo a través da identificación das súas especificidades.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras ou fragmentos das melodías traballadas na unidade, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos e formais.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretar instrumental, vocal ou corporalmente e de memoria as pezas representativas da música tradicional española, aplicando as técnicas adecuadas traballadas nesta unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con

Contidos

- especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.
- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.
- A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.
- Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).
- Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais.
- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica.
- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.
- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.
- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- Historia da música e da danza en España e en Galicia: períodos, características principais, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.

UD	Título da UD	Duración
7	A música e a danza en Galicia	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a través da escoita ou visionado obras ou fragmentos da música galega máis emblemática, identificando as súas características básicas, instrumentos e rasgos estilísticos que a definen.	PE	60
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Coñecer as características máis definitorias da música tradicional galega en relación á historia e á linguaxe musical e dancística identificando os instrumentos e os trazos estilísticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer a través da investigación, da análise de partituras, da lectura musical e da escoita ou visionado, os elementos da linguaxe musical e dancística que caracterizan a música e a danza de Galicia	TI	40
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado, valorando o patrimonio cultural través da identificación das súas especificidades.		
CA1.6 - Identificar, analizar e valorar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical e dancística que definen o patrimonio galego.	Coñecer e valorar a través da análise e da escoita, os elementos máis identificativos da linguaxe musical e dancística galega traballados na unidade.		
CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	Interpretar dancisticamente unha coreografía dos bailes típicos de Galicia (muiñeira e xota), con partes improvisatorias pautadas.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras ou fragmentos de melodías da temática da unidade, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos e formais.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretar instrumental e vocalmente de memoria, cancións representativas da música tradicional galega impartidas na unidade, aplicando as técnicas adecuadas.		
CA2.8 - Interpretar a través da danza, da voz, do corpo ou dos instrumentos -en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental- diferentes pezas musicais e manifestacións artísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar en agrupación vocal ou orquestral as cancións ou melodías da música galega impartidas na unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena. - Historia da música e da danza en España e en Galicia: períodos, características principais, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.

UD	Título da UD	Duración
8	As mulleres na Música, os homes na Danza	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Valorar criticamente, a partir dunha perspectiva histórica e cultural, a discriminación que sufriron e sofren mulleres e homes no mundo da música e da danza. Reflexionar sobre posibles solucións.	PE	60
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Recoñecer, valorar e respectar os axentes que interveñen nunha obra musical ou dancística, e os seus rasgos estilísticos básicos.		
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar os aspectos técnicos e estilísticos a partir da escoita ou visionado de obras ou fragmentos traballados na unidade, nos que as mulleres na música e os homes na danza son protagonistas.	TI	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar con respecto e corrección técnica en formación orquestral ou vocal unha obra ou fragmento dunha compositora, e unha danza.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.

UD	Título da UD	Duración
9	A música nas artes escénicas	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a través da escoita ou visionado, obras ou fragmentos das artes escénicas impartidos na unidade, identificando as súas características básicas e rasgos estilísticos que os definen.		
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Aprender a valorar, a través do visionado, as diferentes manifestacións artísticas escénicas, sen os prexuízos dos roles de xénero.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer e valorar as artes escénicas, as súas características definitorias e a presenza e relevancia na actualidade.		
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer a través da investigación, da análise de partituras, da lectura musical e da escoita ou visionado, os elementos da linguaxe musical e dancística que caracterizan as artes escénicas.	TI	40
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado, valorando o patrimonio musical escénico a través da identificación das súas especificidades.		
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar con corrección, controlando emocións e expresividade, unha danza ou performance da temática da unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos. - Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestuario. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena. - O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.

UD	Título da UD	Duración
10	Todos a escena!	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar o repertorio traballado no curso, de pezas musicais en formación orquestral ou dancísticas en grupo	TI	100
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	Presentar o deseño dun proxecto creativo a partir das propostas traballadas no curso, das ferramentas tecnolóxicas e dixitais, e das interpretacións musicais e dancísticas tanto propias como alleas.		
CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar con interese na planificación e execución dunha proposta artístico-musical colaborativa, manifestando respecto aos demais e desempeñando con corrección a función asignada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Interpretar a través da danza, da voz, do corpo ou dos instrumentos -en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental- diferentes pezas musicais e manifestacións artísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar con corrección a través da voz, dos instrumentos musicais e da danza, as pezas musicais ou dancísticas da cultura galega traballadas no curso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.

UD	Título da UD	Duración
11	A linguaxe da música	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Analizar e investigar sobre os elementos da linguaxe musical e o contexto histórico ao que pertencen, as obras ou fragmentos das unidades do curso, usando as ferramentas dixitais.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler rítmica e melódicamente as partituras traballadas no curso, aplicando con corrección as células rítmicas, compases, escalas, matices, etc., impartidos en cada unidade.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar con corrección e expresividade, vocal ou instrumentalmente, as partituras traballadas ao longo do curso, tanto na voz de melodía como de acompañamento en formación vocal ou orquestral		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica. - Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A educación no ámbito musical do ensino secundario obrigatorio quere ser unha canle que permita por en funcionamento a iniciativa, a sensibilidade e a creatividade do alumnado, estimular a creación dunha conciencia artística propia, ao mesmo tempo que desenvolver actitudes de valoración da liberdade de expresión, ao achegarse ás expresións musicais doutros pobos, o que contribúe ao fomento da sensibilidade e á ampliación do propio horizonte estético. A vía de consecución destes obxectivos é a través da audición, da interpretación e da creación propia e allea. A estes cabe engadir un: a lectura comprensiva, que ten como finalidade interiorizar conceptos e proporcionar un vocabulario axeitado.

Deste modo en cada tema da secuenciación propóñense actividades de tres tipos: audicións, interpretación musical, creación musical, actividades de investigación ou traballo de campo, e de comprensión lectora.

1. Escoita. Mediante a escoita comprensiva oriéntase ao alumno cara á identificación dos elementos integrantes do decurso musical e a súa función dentro deste. A audición debe ser o punto de partida sobre o que se inicia a análise e a reflexión dos fenómenos musicais, con vistas a favorecer o desenvolvemento da capacidade de abstracción e reflexión.
2. As audicións contidas nas diferentes actividades de cada un dos temas pretenden, en cada caso, dúas finalidades diversas: nunhas exemplificar o contido no texto e noutras extraer unha serie de características para situalas no seu espazo e tempo.
3. Actividades de investigación. Están deseñadas para que o alumnado complete ou amplíe contidos relacionados con cada un dos Temas.
4. Actividades de comprensión lectora. Ó final de cada tema atopamos unha serie de preguntas que se deben responder ao ler comprensivamente o texto. Esta actividade destínase ós contidos conceptuais, e pode servir moi ben para plantexar as cuestións dun exame teórico. Nós recomendamos que o alumno responda a estas preguntas antes de que o profesor realice a explicación do tema; desta forma o alumno obrigase a lelo previamente. A adquisición de conceptos e vocabulario depende fundamentalmente da lectura comprensiva. É imprescindible provocar nos alumnos o interese pola lectura como ferramenta imprescindible para a adquisición de coñecementos de todo tipo. É tamén importante valorar a necesidade de memorización de certos conceptos básicos para poder comprender á relación entre ideas e conceptos máis complexos. O noso proxecto preocúpase bastante por acadar que este procedemento se converta nunha ferramenta habitual dos alumnos.

5. Interpretación instrumental ou vocal. Mediante o desenvolvemento destas capacidades trátase de facilitar a consecución dun dominio básico de técnicas vinculadas ao canto, a interpretación instrumental individual e de grupo, e as que conducen ao movemento e a danza. As pezas que se interpretan e crean ao longo do curso presentan dúas finalidades: por unha banda perfeccionar as destrezas interpretativas adquiridas nos cursos precedentes e pola outra afianzar os contidos de cada tema. As expresións instrumental, vocal e corporal, que colaboran no desenvolvemento das capacidades motrices de equilibrio e coordinación. Estas deben empregarse apropiadamente dentro dos diferentes niveis da etapa, tendo en conta as características do alumnado. Non se trata de formar cantantes, instrumentistas ou bailaríns, senón que se pretende, a través dos procedementos citados, alcanzar unha mellor comprensión do feito musical ampliando a capacidade receptiva e potenciando a creación da futura audiencia, con capacidade crítica que necesita a actual sociedade.

6. A creación. O desenvolvemento da creatividade baséase na improvisación, dende o máis simple esquema de pregunta resposta, (rítmica ou rítmico melódica), ata procesos compositivos máis complexos, empregando a expresión vocal, instrumental ou de movemento.

A interdisciplinidade da música implica establecer relacións entre estas e outras áreas. A través deste procedemento o alumno poderá adquirir unha formación que lle permitirá valorar positivamente e criticamente as diferentes manifestacións musicais que lle ofrece a nosa sociedade.

A audición, o canto, a danza, o comentario de partituras, de textos e de críticas periodísticas; a investigación de campo, a elaboración de interpretación de mapas conceptuais, a utilización dos medios audiovisuais e novas tecnoloxías son, en xeral, esencia para a actividades diaria da aula de música.

Estes procedementos deberán ser apoiados con todo tipo de actividades complementarias e extraescolares, tales como asistencia a concertos e representacións de teatro musical, realización de audicións e concertos no centro e fóra del, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Roca Vidal, F.; "Percusión corporal: piezas y ejercicios de percusión para instrumentos corporales". Año 2017; Edimúsica; ISBN: 978-84-95307088
Nelson M., Sheila; "Flip a rhythm Vol.1-2"; Editorial Boosey and Hawkes, ISBN: 979-0-060-09771-3
Nelson M., Sheila; "Flip a Rhythm Vol.3-4", Editorial Boosey and Hawkes, ISBN: 978-0-851-62193-7
Saint-James, G; Saint-James, J; "Body Tap 1". Fuzzeau. ISBN: 3-549540-068936
Pesdelán; "Na punta do pé". Kalandraka. ISBN: 978-84-8464-752-2
Zamora, A.; "danzas del mundo 2". Editorial CCS; Madrid 2005; ISBN: 84-8316-864-2
Sharma, E.; "Músicas del mundo". Ediciones Akal; Madrid 2006; ISBN: 978-84-460-2256-5
Wuytacj, J; "Musicalia Orff-instrumentarium". Uitgeverij de garve-brugge.
Ducros, D.; "Breve historia del rock. 5 composiciones adaptadas a la enseñanza de la flauta dulce u otros instrumentos en do". Fuzeau 2008. Ref. 6713
Saint-James, G.; "Pequeña historia del Jazz". Fuzeau 2008. Ref. 6712
"El canto en la historia y en el mundo". Fuzeau. Ref. 8765
"Voyage a capella. Du chant choral à la création vocale. Vol. 1 y 2". Fuzeau. Ref. 70735
Carmona, A.; Folklore Musical Español. Madrid.
Schnitzer, R. Moeller, M. (2011). Chorbuch, singen ist klasse. Schott Music.
Elorriaga, A. "Cantos tradicionales españoles arreglados para voces adolescentes". Anexo Editorial.

Elorriaga, A: "Cuatro espirituales para voces adolescentes". Anexo editorial.
Villagar, A. "Cómo enseñar a cantar a niños y adolescentes. Fundamentos técnicos y pedagógicos de la voz cantada". Año 2019. Ediciones Robinbook. ISBN: 978-84-120812-7-5.
Elorriaga, A. "El sonido se transforma: educación coral para adolescentes". Año 2018. Anexo editorial. ISBN: 978-84-941134-8-2.
Der junge Pop Chor. Vol. 1 a 10. Ediciones Bosworth.
Web www.atrilcoral.com
Bedford, D.; "An exciting new game for children os all ages". Londres. Universal Edition.
Quintas Suárez, M. "Guía didáctica de Instrumentos Galegos" Ouvirmos Galicia 2011. ISBN 978-84-938276-2-5
Díez, Rechou, R. M. A bailar! Unidades didácticas para secundaria. Edicións Lea 2008. ISBN 978-84-95444-89-9
Varias autoras. "Música y mujeres. Género y poder" Edición Marisa manchado. Ménades 2019. ISBN 978-84-121285-0-5
Beer, A.. "Armonías y suaves cantos. Las mujeres olvidadas de la música clásica". Barcelona 2019. ISBN 978-84-17346-61-4
Apps e programas informáticos: Musescore, audacity, garageband, music maker jam, ireal, music studi lite, loopstation.

"Percusión corporal": Libro con pequenas pezas de percusión corporal para leer individualmente ou grupo.

- "Flip a rhythm" 4 volúmenes en dous libros con exercicios rítmicos para percutir a dúas mans, ou en parellas ou grupos.
- "Body Tap" pezas grupais de percusión corporal con CD con bases musicais para tocar por enriba. Estilos de samba, reggae, swing...
- "Na punta do pé". Músicas e danzas tradicionais de Galicia. Libro con CD e DVD.
- "Danzas del mundo 2"
- "Músicas del mundo"
- "Musicalia Orff-instrumentarium" libro de arranxos instrumentais para instrumentos Orff.
- "Breve historia del rock". Libro e CD con acompañamento sobre diferentes estilos de rock.
- "Breve historia del jazz" libo e CD con acompañamento para 5 pezas orixinais que ilustran as principais correntes do jazz.
- "El canto en la historia y en el mundo". Libro e CDs con fragmentos musicales de distintos estilos, ilustracións, biografías de cantantes, e dúas partes diferenciadas sobre o a historia do canto e o canto no mundo.
- "Voyage a capella". Método de canto coral para iniciarse no canto e na lectura musical.
- ""Folklore musical Español" colección de 12 libros co cancionero de Nadal, cancionero infantil español, cancioneros de distintas comunidades autonómicas de España.
- "Chorchurch". Partituras a unha e dúas voces con acompañamento de piano en inglés e alemán, para coro escolar.
- "Cantos tradicionales españoles" selección de cantos tradicionais españois con arranxos pensados para coro de xoves con flexibilidade en dúas ou tres partes vocais.
- "Cuatro espirituales para voces adolescentes": espirituais tradicionais dos Estados Unidos con arranxos expresamente pensados para un coro mixto de adolescentes en dúas ou tres partes vocais adaptables a diferentes oitavas segundo o desenvolvemento larínxeo.
- "Cómo enseñar a cantar a niños y adolescentes": este libro afronta a cuestión de cómo aprender a cantar a nenos e adolescentes tendo en conta os condicionamentos físicos, mentais e emocionais de cada fase de desenvolvemento infantil e xuvenil.
- "El sonido se transforma": repertorio coral adaptado ao cambio de voz na adolescencia, didáctica do canto en grupo, exercicios de técnica vocal para adolescentes, e explicacións de como realizar arranxos vocais para esta etapa.
- "Der junge Pop chor": 10 volúmenes de arranxos de pezas de pop para dúas voces femininas, que se poden cambiar de oitava. Arranxos pensados para coro xuvenil con acompañamento de piano. Texto en inglés.
- ""An exciting new game for children of all ages". Partitura de música contemporánea, disposta coma un tableiro de xogos no que os movementos realízanse lanzando os dados e os participantes producen sons, ou silencio segundo as instrucións dadas. Pode interpretarse con todo tipo de instrumentos.
- Guía didáctica de Instrumentos Galegos. Libro e CD que presenta unha exhaustiva clasificación e descrición dos instrumentos galegos

- A bailar! Unidades didácticas para secundaria.
- Armonías y suaves cantos. É un libro que pon en valor o talento creativo dalgunhas das grandes intérpretes e compositoras da nosa cultura.
- "Música y mujeres. Género y poder" Ensaio que achega luz sobre aquelas mulleres que compuseron, cantaron, tocaron e ensinaron música
- "Musescore": programa gartuito de edición de partituras.
- "Audacity": programa gratuito para mezclar e manipular pistas de audio.
- "Garageband": programa gratuito para sistema Mac co que se pode grabar música e mezclar e manipular pistas de audio.
- "Music maker jam": app que é pequeno estudio de grabación de 8 pistas nas que podemos misturar loops e usar instrumentos virtuais. Gratuita con algúns contidos de pago.
- "ireal": app de pago que funciona como un minus one, é dicir, toca os acordes de cancións para que poidamos cantar ou tocar por enriba. Podemos atopar cancións xa feitas ou escribir nós o esquema armónica da canción usando cifrado americano. Pódese cambiar o tempo e estilo da forma de interpretar a canción e os instrumentos que a interpretan.
- "Music studio lite": app cun piano virtual e instrumentos gratuitos para tocar e grabar. Algúns instrumentos son de pago.
- "Loopstation" app para misturar distintos loops. Gratuita con algunhas partes de pago.
- "Web atril coral": web con partituras de coro gratuitas de todas as épocas e estilos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial no 4º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos previos que aprendeu e lembra o alumnado dos cursos anteriores (2º e 3º).

Na primeira unidade, ademais de coñecer, analizar e reflexionar sobre a importancia do silencio na música e das consecuencias para a nosa saúde do uso indiscriminado e da contaminación sonora, faremos un repaso dos contidos de linguaxe musical, de lectura de partituras e de práctica instrumental e vocal. Con estas actividades comprobaremos as destrezas adquiridas en anteriores cursos.

1. Realizaranse exercicios en formación orquestral de interpretación melódica con acompañamento harmónico. Esta actividade será realizada por imitación. Utilizaremos para iso as placas, a pequena percusión ou obxectos de son, ou outro instrumento que consideremos idóneo. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á rítmica, á memoria harmónica e melódica, ao sentido do pulso ou á capacidade de escoita para adecuarse ao conxunto.

2. Realizaranse exercicios de lectura rítmica e melódica, e interpretación de pequenas partituras (4/8 compases). Con esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódico e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical. Para a interpretación usaranse os instrumentos de placas ou a frauta doce.

3. Proba escrita de análise de partitura (8 compases). O alumnado identificará e describirá todos os símbolos que reconece nela e realizará unha análise melódico-rítmica da mesma

4. Proba escrita de respostas breves dos contidos básicos da música en relación á linguaxe musical e á historia da música.

Con estas actividades de avaliación o alumnado informaranos sobre os coñecementos previos que posúe e o grao de asimilación. Para avaliar as actividades prácticas usaremos táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflectan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado. As probas prácticas daranos a información dos coñecementos teóricos do alumnado.

Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza ou o manexo da tecnoloxía irémolas avaliando nas sucesivas unidades.

Á luz dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60	60	0
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40	40	100

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	100
Proba escrita	0	51
Táboa de indicadores	100	49

Criterios de cualificación:

A cualificación atenderá á tres ámbitos: traballo persoal, coñecementos teóricos adquiridos e destreza interpretativa. Desta forma o profesor contará con tres cualificacións que colaborarán na cualificación final en diferente proporción.

Procedemento de avaliación na primeira, segunda e terceira avaliación.

Para cualificar os coñecementos teóricos adquiridos realizarase unha proba escrita consistente en responder a varias cuestións plantexadas e respondidas no transcurso da explicación do tema. Esta proba cualificarase de 0 a 10. Esta proba terá lugar ao finalizar a explicación de cada tema. Cando se acade a cualificación de 4 non se precisa recuperar. A nota definitiva dos coñecementos teóricos será a media aritmética de tódolos temas abordados na avaliación sempre a cando en tódolos temas se acada unha nota igual o superior a 4. Con un tema con nota inferior a 4 a cualificación da avaliación será insuficiente. O final de cada avaliación realizarase un exame de recuperación que permita ós alumnos superar os temas que tiveran suspensos.

Cada tarefa solicitada entregada en tempo e forma obterá un positivo. O profesor ao final de cada avaliación solicitará os traballos e tarefas non entregados. Cada traballo non entregado obterá un negativo. Con tres negativos a cualificación do traballo será 0.

A destreza interpretativa cualificarase de 0 a 10. Se avaliará cada peza por separado e para superar a destreza interpretativa deberá acadarse en cada peza unha cualificación igual o superior a 5. As probas interpretativas poderán realizarse en grupos de 4 ou 5 intérpretes pero só acadarán cualificación de 5. Se o alumno ou alumno quere obter máis nota deberán interpretar a peza en solitario acompañado polo profesor se fora necesario. O profesor ao final de cada avaliación solicitará a interpretación das pezas que acadaron cualificación inferior a 5.

A nota da avaliación resultará da suma dos seguintes porcentaxes:

1. 30 % Probas de interpretación.
2. 10 % Desenvolvemento e entrega das tarefas solicitadas.
3. 60 % corresponde á media aritmética dos cuestionarios de exame.

No caso de non realizarse probas de destreza interpretativa o porcentaxe da nota final correspondente a este ámbito se suma aos 60% correspondente aos cuestionarios de exame.

Cálculo da nota correspondente á avaliación final:

No mes de xuño, establecerase unha data para o exame de recuperación dos temas teóricos suspensos ao longo do curso. Cada tema suspenso obterá unha nota distinta que substituirá á obtida inicialmente e seguidamente calcúlase a media correspondente de cada avaliación segundo o sistema descrito. Realizado este proceso obtense a nota final como resultado da media das tres avaliacións.

Criterios de recuperación:

A proba teórica se cualificará de 0 a 10. Esta proba terá lugar ao finalizar a explicación de cada tema. Cando se acade a cualificación de 4 non se precisa recuperar. O final de cada avaliación realizarase un exame de recuperación que permita ós alumnos superar os temas que tiveran suspensos.

Cada tarefa solicitada entregada en tempo e forma obterá un positivo. O profesor ao final de cada avaliación solicitará os traballos e tarefas non entregados. Cada traballo non entregado obterá un negativo. Con tres negativos a cualificación do traballo será 0.

A destreza interpretativa cualificarase de 0 a 10. Se avaliará cada peza por separado e para superar a destreza interpretativa deberá acadarse en cada peza unha cualificación igual o superior a 5. O profesor ao final de cada avaliación solicitará a interpretación das pezas que acadaron cualificación inferior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, así como metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo, entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previstas no perfil de saída, e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da materia lles custa máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo, algún recreo á semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos		X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual		X						

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión lectora	X		
ET.2 - Creatividade	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X		
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	X	X

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente nas unidades 1-9 a través dos textos para analizar aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase en todas as unidades a través da interpretación musical e dancística, a creación e uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase en todas as unidades a través de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial en todas as unidades. Actividades que implican creación e interpretación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: unidades 2-10. Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. Unidades 1-9. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable .
- Respeto mutuo: educación emocional e en valores. Todas as unidades. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: unidades 1-9. A través da redacción de textos explicativos da análise de audicións ou partituras, traballos de investigación e de exposición oral.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: unidades 5, 9, 10 e 11 a través da creación de proxectos audiovisuais con ferramentas dixitais, gravación e edición de eventos musicais que engloben non só música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global. Coa edición de partituras.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións e concertos do alumnado	As pezas musicais, dancísticas ou escénicas traballadas ao longo do curso interpretaranse en público en Nadal, nas datas de conmemoracións, ou a final de curso. Tanto no Centro como noutros espazos (salóns de actos, auditorios) do concello ou de asociacións culturais. etc			X

Observacións:

É de suma relevancia para a formación musical do alumnado a súa vivencia como músico ou artista. A interpretación pública é o canle máis idóneo para acadar ese obxectivo, tanto a partir da interpretación no propio centro educativo como noutros espazos abertos ao público xeral.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ben ou Acadado

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumna e alumno a final de curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TICs, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avalíaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación e propostas de mellora utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente" , valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase mensual e trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados